

Comisión Técnica de Temporalidade e Emprego
18-12-2023

Celebrouse unha reunión da Comisión técnica de temporalidade e Emprego cun único punto na orde do día : Artigo 217 do Real Decreto-Lei 5/2023, de 28 de xunio.

A admon. como en tantas ocasións sen enviar documentación previa , fixo unha relación dos corpos, nos que os ministerios e organismos comunicaron a FP postos que cumprían os criterios de aplicación do art 217, que autoriza unha taxa adicional as Admons. Públicas para que convoquen procesos selectivos conforme á disposición adicional octava da Lei 20/2021 (prazas vacantes de natureza estrutural ocupadas de forma temporal por persoal con una relación, de esta natureza, anterior o 1 de Xaneiro de 2016).

Sen aportar cuantificación ningunha das prazas comentaron que o número máis grande de prazas a estabilizar correspondía o SEPE.

As ofertas de emprego público deberán estar aprobadas antes do 31 de decembro de 2023, e as convocatorias resoltas antes do 31 de decembro do 2024, axustándose ós principios de igualdade, mérito, capacidade e libre concorrência.

As organizacións sindicais solicitaron uniformidade na aplicación dos criterios nos procesos (concursos) e que non pasara coma nos anteriores.

Comprometeuse a Admon. de enviar a documentación co número de prazas para ter unha vindeira reunión antes do 27 de decembro (data do último consello de ministros do ano) e poder chegar a un acordo ca parte social.

Galiza a 18 de decembro do 2023